



## Concello de Castrelo de Miño

### **Bases reguladoras da convocatoria de proceso selectivo para cubrir cinco POSTOS DE TRABALLO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL polo sistema de concurso de méritos para a execución do programa “Coñecementos e promoción de distintos ámbitos do concello” (EXP. 227/2016)**

A Xunta de Galicia segundo a Orde de 14 de xullo de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria estableceu as bases e a convocatoria pública para a concesión de subvencións o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural).

O seu obxecto é financiar políticas activas de emprego que melloren a empregabilidade dos traballadores desempregados a través da adquisición de experiencia profesional naquelas áreas de menor poboación e con menos oportunidades laborais que perden veciños ano tras ano.

Ao abeiro desta Orde o Concello de Castrelo de Miño solicitou a financiación na contratación de cinco licenciados para levar a cabo o servizo “Coñecementos e promoción de distintos ámbitos do concello” que foi atendida pola Consellería segundo resolución do Xefe Territorial de 4 de outubro.

#### **PRIMERA.-OBXECTO**

As presentes Bases e Convocatoria teñen por obxecto regular o proceso selectivo mediante convocatoria a través do Servizo Público de Emprego para a contratación en reximen laboral temporal de CINCO LICENCIADOS/GRADUADOS A TEMPO COMPLETO para o desenrolo do servizo “Coñecementos e promoción de distintos ámbitos do concello” cunha duración de SEIS MESES e por unha retribución bruta mensual (incluída prorrateada de paga extra) de 1.335 € e xornada completa cuxa distribución horario dependerá das necesidades do servizo.

#### Postos ofertados:

- 1 Enxeñeiro Forestal e do Medio Natural, Enxeñeiro agrícola e do Medio Rural
- 1 Graduado en Comunicación, Xornalismo ou similares
- 1 Graduado en Dirección e Xestión Públicas
- 1 Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
- 1 Graduado en Xeografía e Historia

#### Funcións:

Sen perxuízo do desenvolvemento doutras funcións que legalmente poideran corresponder o ser asignadas a dito traballador/a no marco do proxecto obxecto da convocatoria e da obriga de todos eles de elaborar unha memoria final sobre as actividades realizadas e a práctica profesional adquirida, as funcións serían as seguintes:

1. ENXEÑEIRO Forestal e do Medio Natural/Enxeñeiro Agrícola e do Medio Rural para aplicación da ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa forestal do concello de Castrelo de Miño e á elaboración dun Planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. XORNALISTA para realización de campañas informativas sobre servizos básicos municipais de interese xeral e social e competencia da administración local.

Elaboraría publicacións de promoción turística e cultural do concello así como publicacións municipais de carácter informativo para os veciños e veciñas do concello. Ademais pretendese informar a veciñanza por medio da redacción de campañas sobre





## Concello de Castrelo de Miño

---

servizos básicos municipais, como xestión responsable do lixo, abastecemento e saneamento, reciclaxe e compostaxe.

Fomentarase a promoción de seccións e novas das webs e redes sociais municipais, colaborará na implantación da administración electrónica.

### 3. TÉCNICO DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA MUNICIPAL

O carácter multidisciplinario que combina as seguintes áreas de coñecemento: ciencia política e da administración, contabilidade, dereito, economía, empresa, estatística, informática, mercadotecnia e socioloxía. Grazas a esta heteroxeneidade de coñecementos, o graduado está capacitado dun xeito integral cara á dirección e xestión das organizacións públicas.

Realizará labores de técnico/a en administración municipal, xestor de organización municipal, analista de políticas públicas, xestor de proxectos de asesoría e consultoría municipal, e axente de desenvolvemento local.

Colaborará tamén co departamento de secretaría-intervención.

### 4. ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

Contratación dun graduado en Actividade Física e do Deporte que se adicará á promoción de estilos de vida activos e saudables, a través factores fisiolóxicos e biomecánicos que condicionan a práctica da actividade física e do deporte, dos factores sociais e de comportamento que condicionan a súa práctica, ou os efectos desta sobre a estrutura e función do corpo humano, a través de:

— Actividade física para a saúde: programas de reeducación motora, actividade física adaptada para poboacións especiais, actividade física para persoas adultas e maiores, deporte de saúde.

— Ocio e tempo libre: animación de actividade física e deportiva, animación turístico-deportiva

### 5. XEOGRAFÍA E HISTORIA.

Contratación dun Graduado en Xeografía e Historia que desenvolverá unha actividade básica con contidos interdisciplinarios relativos ao coñecemento da historia do Concello, da historia da arte e da xeografía, e con aplicación en diversos ámbitos para poñer en valor:

— Intervencións arqueolóxicas

— Planificación e xestión

— Medios de comunicación: crítica literaria e textual, corrección literaria e de estilo, colaboracións en publicacións

— Dinamización turística e interpretación do patrimonio cultural

— Arquivo municipal

### SEGUNDA.-REQUISITOS XERAIS.

Unicamente poderán participar no proceso de selección todas aquelas persoas desempregadas inscritas no Servizo público de emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego que reúnan ademais os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión da nacionalidade española ou a dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os dezaséis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación académica esixida en cada caso ou en condicións



## Concello de Castrelo de Miño

de obtelas na data de finalización do prazo de admisión de solicitudes. Ao ser requisito inexcusable, non poderá ser alegado como mérito:

- Postos de Enxeñeiro Forestal e do Medio Natural, Enxeñeiro agrícola e do Medio Rural: titulación de licenciado/grado nestas especialidades
- Posto de Graduado en Comunicación, Xornalismo ou similares: titulación de licenciado/grado.
- Posto de Graduado en Dirección e Xestión Públicas: titulación de licenciado/grado en Dereito, Ciencias Políticas e da Administración ou Económicas.
- Posto de Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte: Licenciado/grado en INEF
- Posto de Graduado en Xeografía e Historia: titulación de licenciado/grado nesta materia ou similar.

d) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

e) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionarios, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sufrido a separación ou inhabilitación. En caso de ser nacional de outro estado, non estar en situación de inhabilitación ou equivalente, nin haber sufrido sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) No caso do posto de Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte: Licenciado/grado en INEF, tamén é requisito non estar anotado no Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, requisito que terá que acreditar alomenos sempre antes da contratación.

A non posesión dalgun dos requisitos será considerada motivo de exclusión do proceso de selección. A acreditación dos mesmos será aportada xunto coa solicitude, salvo a acreditación da capacidade funcional que se verificará exclusivamente respecto aos candidatos propostos para a contratación.

### **CUARTA.-PROCEDIMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As persoas preseleccionadas polo Servizo público de emprego de Galicia serán convocadas telefónicamente remitíndoselle vía mail as bases íntegras para que no prazo de cinco días hábiles dende a chamada telefónica comparezan nas oficinas do concello para rexeitar a oferta ou amosalo seu interese mediante a presentación dunha solicitude (según modelo Anexos); debidamente cumprimentada. Dita solicitude debe ir acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Fotocopia compulsada da Titulación Académica requerida.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Documentación que acredite suficientemente os méritos que se pretendan



## Concello de Castrelo de Miño

facen valer conforme a Base Séptima. Para acreditar os méritos previstos na base 7 imprescindible: informe de **vida laboral**; **informe ou certificado**, actualizado á data de presentación da solicitude, da **oficina de emprego** que indique a súa condición de **desemprego** e **se percibe** algún tipo de prestación ou subsidio (non será válida a presentación da tarxeta de demandante de emprego como xustificativa da condición de desempregado); **informe ou certificado da Seguridade Social de percepción de prestacións**.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Castrelo de Miño (de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres), sen perxuízo de que poidan presentarse en calquer lugar e por calquer dos medios que establece o art. 16.4 *Lei 39/2015*, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten nas Oficinas de Correos deberán ir en sobre aberto para ser fechadas e seladas polo funcionario de correos antes de ser certificadas. As solicitudes presentadas nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Castrelo de Miño, serán comunicadas polo solicitante o mesmo día, mediante fax ao número: 988493001. A presentación das instancias polos aspirantes suporá a aceptación da normativa reguladora do procedemento selectivo.

O prazo de presentación de solicitudes: se establece o prazo de CINCO DÍAS HÁBILES, a partir do día seguinte ao da invitación telefónica a participar, da que se levantará dilixencia pola funcionaria correspondente.

O texto íntegro das bases serán publicados no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.castrelo.gal](http://www.castrelo.gal).

Sólo se terán en conta as solicitudes daquelas persoas que cumpran cos requisitos na data na que finalice o prazo de presentación de instancias e unicamente se valorarán os méritos, cuia documentación orixinal ou fotocopia compulsada, acredite fehacientemente os méritos alegados na mesma. Non poderán valorarse méritos distintos aos alegados e xustificados dentro do prazo de presentación de instancias, nin aqueles outros que alegados dentro de dito prazo, sexan xustificados posteriormente.

### QUINTA.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Se establecerá un Tribunal de Selección integrado por un Presidente, un Secretario (con voz e sen voto) e catro vogais cos seus respectivos suplentes.

Os membros do Tribunal deben ter como mínimo a mesma categoría que a dos postos que se van a cubrir.

O Tribunal de Selección queda facultado para resolvelas dubidas que poidan xurdir en relación ás bases, consultas e reclamacións, así como para desenvolver o proceso selectivo incorporando especialistas, con voz e sen voto, adicionais en aquelas probas que os requiran e publicitalos resultados.

### SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Terminado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez valorado o cumprimento dos requisitos, se exporán as listaxes provisionais de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección coa indicación da causa de exclusión, no prazo máximo de tres días dende o fin de prazo de recepción de solicitudes. Se disporá dun prazo de dous días hábiles para subsanar defectos e formular obxeccións e alegacións. Unha vez finalizado éste, se publicará a listaxe definitiva de admitidos e excluídos con indicación das datas da selección así como a composición do Tribunal. As listas provisionais e definitivas se publicarán no taboleiro de anuncios de este Concello, así como na súa páxina Web ([www.castrelo.gal](http://www.castrelo.gal)).





## Concello de Castrelo de Miño

### SÉPTIMA.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes se realizará mediante concurso de méritos que se valorarán dacordo cos criterios que se indican a continuación:

#### 7.1. XERAIS

A. Pola titulación académica (diferente da valorada como requisito para o acceso): Máximo 2 punto.

- por unha licenciatura ou grao .....2
- por unha diplomatura.....1,25

No caso do posto de Graduado en Dirección e Xestión Públicas, valorarase con un punto máis (1pto) se o aspirante ten esta titulación concreta

B. Formacion complementaria, Pola realización/impartición de cursos de formación exceptuando xornadas, seminarios, conferencias... de conformidade cos seguintes criterios ata o máximo de 4 puntos:

c.1) Coñecementos Informáticos, se valorarán cursos en Tratamento de textos, folia de calculo e bases de datos, internet e correo electrónico. Máximo 2 punto

De 10 a 50 horas de duración, 0,10 puntos.

Mais de 50 horas de duración, 0,40 puntos.

c.2) Outros cursos de formación que se consideren relevantes para a praza a que se opta ou que posúan relación coas funcións a desenrolar. Máximo 2 punto.

- Por cada curso de 20 a 50 horas: 0,15 puntos.
- Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,25 puntos.
- Por cada curso de 101 a 150 horas: 0,50 punto.
- Por cada curso de máis de 150 horas: 0,75 puntos

Non serán valorados aqueles cursos cunha antigüidade superior aos 5 anos. Cando non se acredite o número de horas de duración, computaránse catro horas por cada día. Cando non se acredite o número de días, non se valorará o curso. Non se tomarán en consideración as accións formativas que sexan meramente repetitivas doutras anteriores de igual ou similar denominación. Nestos casos valorarase a de maior carga lectiva. Aquelas accións formativas nas que non se observe unha relación clara co posto, deberán acompañarse do seu contido ou programa, para posibilitar ao tribunal a puntuación das mesmas.

C. Por coñecemento da lingua galega.- Máximo 1,00 puntos.

1. Curso de iniciación ou Celga 3: 0,50 puntos.
2. Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 1,00 puntos.

Só se estimará o nivel máis alto acadado.

D. Por ter experiencia como bolseiro/a da Universidade en áreas relacionadas co posto de traballo: máximo 2 ptos (0,1 pto\*mes).

E. Por ser o seu primeiro contrato de traballo (por conta propia ou allea): 1,5 pto.

G. Por estar en posesión do carnet de conducir: (puntuación máxima 0,25 punto)





## Concello de Castrelo de Miño

- Tipo B, 0,25 punto
- Tipo A: 0,15 ptos

H. Únicamente para o posto de Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte dispor das seguintes titulacións náuticas de recreo:

- PNB (patrón de navegación básica): 0,3
- PER (patrón de embarcacións de recreo):0,6
- Patrón de yate:1 pto

### I. Polos recursos económicos:

- percepción de prestación por desemprego: 0,25
- percepción de subsidio por desemprego: 0,50
- non percepción de axudas nin prestacións do SEPE nin da Seguridade Social : 0,75

No caso de empate, empregaranse os criterios recollidos no artigo 12.5 da Orde do 14 de xullo de 2016 .

### **OITAVA.- PROPOSTA DE CONTRATACION**

Finalizado o proceso de selección establecerase unha listaxe por orden de puntuación resultante da suma aplicando a ponderación reflectida para cada unha delas. Serán propostos para a súa contratación os candidatos que obteñan maior puntuación en cada un dos postos ofertados, non poidéndose declarar superado o proceso selectivo a un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

O resto de candidatos non seleccionados configurarán a lista de reservas por orden de puntuación para posibles substitucións dos postos ofertados. Este listado publicarase no Taboleiro de anuncios do concello de Castrelo de Miño así como na Web ([www.castrelo.gal](http://www.castrelo.gal)).

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dalgún/ha profesional destas características ben porque a demanda de traballo para a execución do programa o requira ou ben para cubrir o posto se queda vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade).
- baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).

Entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

### **NOVENA.- RESOLUCIÓN**

Concluído o proceso selectivo, os aspirantes que o houberan superado e que haxan acreditado cumprir os requisitos para o que haberán de aportar certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das





## Concello de Castrelo de Miño

funcións correspondentes o posto de traballo, serán contratados como persoal laboral. El procedemento será resolto polo alcalde do concello de Castrelo de Miño.

### UNDÉCIMA.- PUBLICACIÓN

Todos los listados e comunicacións referentes ao proceso de selección, serán publicados no Tablón de anuncios do Concello de Castrelo de Miño, sito en Avenida Alejandro Ferrer nº 18. Esta publicación substitúe as notificacións individuais cos mesmos efectos, por aplicación do disposto no artigo 59.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Así mesmo se publicará na Web do concello ([www.castrelo.org](http://www.castrelo.org)).

### DUODÉCIMA.- RECURSOS PROCEDENTES E RÉXIME DE ALEGACIONES

Contra o contido do presente documento, poderá interpoñelos seguintes recursos:

- 1.- Reposición. Con carácter potestativo, ante este mesmo órgano, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte a súa notificación. Entenderase desestimado si transcurre un mes dende a súa presentación sen notificarse a súa resolución.
- 2.- Contencioso-Administrativo: no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao do recibo da presente notificación, ou ben no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte da resolución do Recurso de Reposición no prazo de seis meses dende que deba entenderse presuntamente desestimado dito recurso, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Cádiz, a teor do establecido nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

## ANEXO I

### SOLICITUD DE ADMISIÓN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN CINCO POSTOS DE TRABALLO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL polo sistema de concurso de méritos para a execución do programa “Coñecementos e promoción de distintos ámbitos do concello” (EXP. 227/2016)

Don/Doña \_\_\_\_\_  
Con D.N.I.nº \_\_\_\_\_, natural de \_\_\_\_\_  
con domicilio en \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_ e-mail \_\_\_\_\_

### DECLARA:

Que reúne todos los requisitos recollidos na Base Segunda das Bases e Convocatoria pública emitida polo Concello de Castrelo de Miño, para a praza A SELECCIÓN de \_\_\_\_\_ (INDICAR O POSTO CONCRETO AO QUE SE PRESENTA) COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL polo sistema de concurso de méritos, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade
- Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.





## Concello de Castrelo de Miño

---

- Estar anotado como desempleado na oficina de emprego.

2º.- Que aporthe a seguinte documentación xustificativa da fase de concurso (sinalar e encher o que corresponda):

**SOLICITA:**

Ser admitido/a ao proceso de selección de dita praza con arranxo as Bases e Convocatoria que coñezo e acepto.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016 .

(asinado)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO (OURENSE).**

